



ACTA MESA DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO VEHÍCULO PARA SERVICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN. VALORACIÓN DE PROPOSTAS PRESENTADAS E PROPOSTA OFERTA MÁIS VANTAXOSA.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas e trinta e nove minutos do día 1 de febreiro de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, alcalde-presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria xeral do concello.

Fabian Barreiro González, enxeñeiro técnico municipal e redactor do prego de prescricións técnicas.

Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Facenda e Urbanismo.

Secretaria:

Mª Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

1.- Ponse en coñecemento da Mesa de Contratación informe-valoración emitido polo enxeñeiro técnico municipal, que a continuación se transcribe literalmente:

"D. Fabián Barreiro González, técnico municipal do Concello de Tui, en relación co expediente de Contratación do subministro de "Vehículo para servizos municipais do Concello de Tui", emite a seguinte VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS :

ANTECEDENTES

- **Obxecto do contrato:** O contrato terá por obxecto o subministro de vehículo para o Servizo de Electricidade municipal, de conformidade co prego de prescricións técnicas emitido polo enxeñeiro técnico municipal, e que ten natureza de documento contractual no expediente.
 - o CPA-2008 Clasificación estatística de produtos por actividades.
 - o R(CE). 451/2008-04-23
 - o C- produtos manufacturados
 - o Código 29105 Vehiculos de motor para usos específicos.
 - o CPV: 34100000

- **Orzamento de Licitación:** O presente subministro de "Vehículo para servizos municipais do Concello de Tui" ascende a contía de 62.788,51€.

Orzamento base :	51.891,33 €
IVE:	10.597,18 €
TOTAL:	62.788,51 €

- **Empresas que se presentan a seguinte licitación:**

Talleres Robles, S.A.	Mansilla de Las Mulas (León)	Nº	RXE:	111/2017
				09/01/2017
Talleres Veilla, S.A.	Canovelles(Barcelona)	Nº	RXE:	129/2017
				09/01/2017

- **O día 26 de Xaneiro de 2017 ás 12,00 horas , en acto publico procedese a apertura do sobre nº2, criterios cuantificables de forma automática.**

- **A Mesa de Contratación, presidida por D. Enrique Cabaleiro González, alcalde-presidente, actuando como vogais, D. Aitor Iglesias Monzón, interventor do Concello, o secretaria acctal. do concello D Jose Angel Fernández Rodriguez, o enxeñeiro técnico municipal D. Fabián Barreiro González redactor do prego de prescricións técnicas, Dª. Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira de Facenda e actuando de secretaria da Mesa a funcionaria María Jesús Blanco Martínez, funcionaria do Concello.**

VALORACIÓN DAS OFERTAS E MELLORAS PRESENTADAS POLAS EMPRESAS.

- **Oferta económica:** Baixas ofertadas sobre o prezo total do contrato, ata un máximo de **30 puntos**. Puntuarase con 0 puntos aquelas ofertas que propoñan o tipo establecido. Outorgarase a valoración máxima á oferta máis baixa. O resto das ofertas serán valorados proporcionalmente, de acordo coa fórmula seguinte:

$$V_i = \left(\frac{B_i}{B_{\max}} \right) \times \text{valoración} - \text{outorgada} - a - \text{oferta} - \text{económica} -$$

- Sendo:
 - V_i : Puntuación da oferta i
 - B_i : baixa da oferta i . Onde $B_i = \text{Tipo} - O_i$; sendo Tipo o tipo da licitación e O_i é a oferta da empresa i .
 - B_{\max} : baixa da oferta máis favorable. $B_{\max} = \text{Tipo} - O_b$; onde Tipo é o tipo da licitación e O_b é a oferta económica máis baixa.

- Melloras:
 - 1.- **Aumento da duración da garantía do vehículo, sen límite de kilometraje.** A valoración máxima será de **24 puntos**. As bases do procedemento de contratación de "Adquisición de vehículo para servizos municipais do concello de Tui" contemplan un prazo de garantía de 2 anos. Valorarase con oito (8) puntos por cada ano de incremento no prazo de garantía do vehículo ata un máximo de 3 anos de incremento, vinte e catro (24) puntos, facendo un total de 5 anos de prazo de garantía do vehículo.
 - 2.- **Aumento da duración da garantía da plataforma elevadora.** A valoración máxima será de **24 puntos**. As bases do procedemento de contratación de "Adquisición de vehículo para servizos municipais do concello de Tui" contemplan un prazo de garantía de 2 anos. Valorarase con oito (8) puntos por cada ano de incremento no prazo de garantía do vehículo ata un máximo de 3 anos de incremento, vinte e catro (24) puntos, facendo un total de 5 anos de prazo de garantía do vehículo.
 - 3.- **Maior capacidade de carga do vehículo (incluíndo pasaxeiro, gasoil, torno, panelado e sinalización).** A valoración máxima será de **22 puntos**. Valorarase con cero (0) puntos as capacidades de carga menor ou igual a 200 kg (incluíndo pasaxeiro, gasoil, torno, panelado e sinalización), e por cada 20 kg de incremento de capacidade de carga dous (2) puntos ata unha capacidade de carga maior ou igual a 420 kg, vinte e dous (22) puntos.
- A continuación enumeran se ofertas das empresas admitidas cos valores ofertados e a súa valoración:

EMPRESA	IMPORTE CON IVE ENGADIDO		AMPL. GARANTÍA VEHÍCULO SEN LIMITE DE KILOMETRAXE		AMPL. GARANTÍA PLATAFORMA		MAIOR CAPACIDADE DE CARGA		TOTAL PTOS
	€	PTOS	Nº AÑOS	PTOS	Nº AÑOS	PTOS	KG	PTOS	
Talleres Robles, S.A	61.576,90€	15,47	0	0	0	0	425 KG	22	37,47
Talleres Velilla, S.A	60.439,50 €	30	5 AÑOS (total) ó 160.000 KM	0 (*)	0	0	200 KG	0	30

(*) Talleres Velilla, S.A. presenta no criterio Ampliación de garantía vehículo sen límite de kilometraje o seguinte " 5 AÑOS o 160.000 kilómetros para el furgón NISSAN (garantía oficial NISSAN)", **non cumpre co esixido no prego de cláusulas administrativas**, os cinco anos de garantía están vinculadas a kilometraje polo que non se poden valorar como anos de efectivos ampliación de garantía.

Conclusión.



En base os datos das valoracións da táboa anterior, a **proposta mais vantaxosa** sería a presentada pola empresa:

Talleres Robles, S.A. Mansilla de Las Mulas (León)

O presente informe, ten carácter exclusivamente técnico e redactase de forma independente, a expensas de calquera outro mellor fundamentado (e sen prexuízo de que se formule en calquera outro informe o requisito que se considere necesario para o axuste a legalidade vixente da actuación pretendida.)

En Tui, a 27 de xaneiro de 2017.

El Técnico Municipal
Fabián Barreiro González."

2.- Á vista do informe-valoración emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Outorgar as seguintes puntuacións aos licitadores que se indican:

EMPRESA	IMPORTE CON IVE ENGADIDO		AMPL. GARANTÍA VEHÍCULO SEN LIMITE DE KILOMETRAXE		AMPL. GARANTÍA PLATAFORMA		MAIOR CAPACIDADE DE CARGA		TOTAL PTOS
	€	PTOS	Nº AÑOS	PTOS	Nº AÑOS	PTOS	KG	PTOS	
Talleres Robles, S.A	61.576,90€	15,47	0	0	0	0	425 KG	22	37,47
Talleres Vellilla, S.A	60.439,50 €	30	5 AÑOS (total) ó 160.000 KM	0	0	0	200 KG	0	30

2º.- Á vista das puntuacións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación, propón á empresa " **TALLERES ROBLES, S.A.**", NIF nº A24023368, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en Avda. Constitución nº 60, cp 24210 Mansilla de las Mulas (León), que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro, e cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas aprobado.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu, secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Enrique Cabaleiro González

Asdo. María Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo: Aitor Iglesias Monzón

Asdo: Pilar Fernández Alonso.

O ENXEÑEIRO TÉCNICO MUNICIPAL

A CONCELLEIRA DE FACENDA

Asdo: Fabian Barreiro González.

Asdo.: Yolanda Rodríguez Rodríguez